Artigo 21. *Xustificación e pagamento*

1. O pagamento das axudas quedará condicionado á presentación, no prazo, nos termos e na forma que se estableza na resolución de concesión, da documentación común



e especifica que se exixa de forma expresa nela, entre a cal deberá figurar a relacionada nos puntos seguintes:

a) Declaración do conxunto das axudas solicitadas, tanto das aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución, para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos, así como das axudas concedidas en réxime *de minimis* percibidas nos últimos tres exercicios fiscais (ou dos últimos dous e do exercicio fiscal en curso), ou, de ser o caso, de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións (segundo o modelo do anexo III).

b) Información dos indicadores de produtividade sobre os participantes a que se refiren os anexos I e II do Regulamento (UE) nº 1304/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de setembro de 2013, relativo ao Fondo Social Europeo, a través da aplicación Participa 1420 ou segundo o modelo que estará dispoñible na páxina web da Consellería e Economía, Emprego e Industria (<http://emprego.ceei.xunta.gal/indicadores-fse>).

c) A documentación acreditativa (fotografías ou documentos equivalentes) do cumprimento das obrigas a que se refire o artigo 22.f) desta orde.

2. Malia o sinalado nos puntos anteriores, a documentación exixida para a fase de pagamento poderase presentar xunto coa solicitude, á opción da persoa interesada.

3. As persoas beneficiarias deberán presentar a documentación xustificativa para o pagamento sinalada neste artigo no prazo establecido na resolución de concesión.

4. Non se poderá realizar o pagamento da subvención mentres a persoa beneficiaria non estea ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, teña pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma ou sexa debedor por resolución de reintegro.

Artigo 22. *Obrigas das persoas beneficiarias*

Son obrigas das persoas beneficiarias das subvencións, ademais das recollidas con carácter xeral no artigo 11 desta orde:

a) Realizar a actividade que fundamente a concesión da subvención durante un tempo mínimo de dous anos, salvo cesamento por causas alleas á súa vontade, o cal deberá acreditar fidedignamente.

CVE-DOG: gvijdk12-dfr3-7ph2-u114-oblvuqzmngh1



b) No prazo máximo de catro semanas desde o cumprimento dos prazos de mantemento da actividade laboral como persoa traballadora autónoma a que se refire a alínea a) deste artigo, as persoas beneficiarias deberán presentar os indicadores de resultado inmediatos a que se refiren os anexos I e II do Regulamento (UE) nº 1304/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de setembro de 2013, relativo ao Fondo Social Europeo, a través da aplicación Participa 1420 ou segundo o modelo que estará á súa disposición na páxina web da Consellería de Economía, Emprego e Industria (<http://emprego.ceei.xunta.gal/indicadores-fse>). A Administración poderá requirir a actualización destes datos no prazo de seis meses desde que finalice os citados períodos de mantemento da actividade laboral, coa finalidade de formalizar os indicadores de resultado a longo prazo descritos no dito regulamento.

c) Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión da subvención.

d) Facilitar a información necesaria relativa ao desenvolvemento da actividade, que permita dar cumprimento aos requisitos de información a través de indicadores de produtividade e resultados enumerados no artigo 5 do Regulamento (UE) nº 1304/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo ao Fondo Social Europeo.

e) Manter unha pista de auditoría suficiente, conservar e garantir o almacenamento, a integridade e a seguridade dos documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, durante os tres anos seguintes á certificación dos gastos á Comisión Europea, de conformidade co artigo 140.1 do Regulamento (UE) 1303/2013, en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control. A data de certificación dos gastos á Comisión Europea será publicada no *Diario Oficial de Galicia*.

f) Cumprir coas medidas de comunicación e información establecidas no anexo XII do Regulamento (UE) nº 1303/2013 do 17 de decembro de 2013, así como adoptar as medidas adecuadas de difusión para dar publicidade ao financiamento público das actuacións subvencionadas pola Consellería de Economía, Emprego e Industria. En particular, as accións de información e comunicación contarán co emblema da Unión Europea e a referencia ao Programa operativo de emprego xuvenil e o Fondo Social Europeo e nos lugares de realización da actuación informarase do apoio dos fondos a través dun cartel dun tamaño mínimo de A3 nun lugar destacado e visible. Tamén se informará na páxina web, no caso



de dispoñer dela, sobre o proxecto e a axuda financeira recibida da Unión Europea e sobre os obxectivos e resultados da operación financiada.

g) As persoas físicas beneficiarias de calquera axuda deste programa deberán manter durante o período dun ano a forma xurídica elixida pola que se lles concederon as subvencións.

Artigo 23. *Incompatibilidades e concorrencia*

1. A subvención establecida neste programa é incompatible coas establecidas nos distintos programas de promoción do emprego autónomo, nos programas de fomento do emprego en cooperativas e sociedades laborais, iniciativas de emprego, iniciativas de emprego de base tecnolóxica e integración laboral das persoas con discapacidade, convocados pola Consellería de Economía, Emprego e Industria.

2. Así mesmo, serán incompatibles coas axudas comprendidas no programa Emega para o fomento do emprendemento feminino convocadas por Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, así como con outras que, polos mesmos conceptos, poidan outorgar as administracións públicas como medida de fomento do emprego.

Artigo 24. *Perda do dereito ao cobramento da axuda e reintegro*

1. Procederá a perda do dereito ao cobramento das axudas concedidas, así como o reintegro total das cantidades percibidas e a exixencia do xuro de mora correspondente desde o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

2. Procederá a perda do dereito ao cobramento da subvención concedida no suposto de non estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social, así como ter pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, con anterioridade a ditarse a proposta de pagamento da subvención.

3. Procederá o reintegro total da axuda concedida ao abeiro do artigo 12 desta orde, no suposto de non cumprir a obriga establecida no artigo 22.a) de mantemento da actividade.



4. Procederá o reintegro total das axudas concedidas ao abeiro desta orde no suposto de non cumprir co prazo indicado no artigo 22.g).

5. Procederá o reintegro total da axuda concedida no caso de incumprir a obriga indicada no artigo 11.b) de comunicar a obtención doutras axudas incompatibles.

6. Procederá o reintegro parcial da axuda concedida ao abeiro do artigo 12 desta orde cando ao non cumprir a obriga establecida no artigo 22.a) de manter a actividade durante dous anos, se aproxime de forma significativa a ela, entendendo como tal ter mantido a actividade durante polo menos dezaioito meses e que a persoa beneficiaria acredite unha actuación inequivocamente tendente á satisfacción dos seus compromisos. A contía que se reintegrará será proporcional ao tempo que reste para o cumprimento dos dous anos.

7. O incumprimento da obriga establecida no artigo 22.f) dará lugar ao reintegro parcial do 2 % da axuda concedida.

8. O incumprimento da obriga establecida no artigo 11.b) de comunicar outras axudas, no caso de que estas sexan compatibles, dará lugar ao reintegro parcial polo exceso de financiamento segundo o artigo 23 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

9. Procederá o 10 % do reintegro parcial da axuda concedida no caso de incumprimento da obriga do artigo 22.b), de non comunicar os indicadores de resultado inmediato ao cumprimento dos prazos de mantemento da actividade.

10. A obriga de reintegro establecida no parágrafo anterior enténdese sen prexuízo do establecido no Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, e da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Artigo 25. *Réxime das axudas*

1. As axudas establecidas neste capítulo quedan sometidas ao réxime *de minimis* nos termos establecidos no Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* (DOUE L352, do 24 de decembro de 2013). Esta circunstancia farase constar expresamente na resolución de concesión da subvención. Polo tanto



a axuda total *de minimis* concedida a unha empresa non será superior a 200.000 euros durante o período dos dous exercicios fiscais anteriores e o exercicio fiscal actual da empresa solicitante, ou a 100.000 euros no suposto dunha axuda concedida a unha empresa que opere no sector do transporte pola estrada. Para o cómputo dos límites deste réxime de axudas terase en conta o concepto de «única empresa» establecido no artigo 2 do Regulamento (UE) 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013.

2. Por tratarse de axudas sometidas ao réxime de axudas *de minimis*, non poderá concederse a empresas dos seguintes sectores:

a) Pesca e acuicultura, segundo se establece no Regulamento (UE) 1379/2013 do Parlamento Europeo e do Consello.

b) Ás empresas dedicadas á produción primaria dos produtos agrícolas que figuran na lista do anexo I do Tratado.

c) Ás que operan no sector da transformación e comercialización de produtos agrícolas, nos casos seguintes:

1º. Cando o importe da axuda se determine en función do prezo ou da cantidade de produtos deste tipo adquiridos a produtores primarios ou comercializados polas empresas interesadas.

2º. Cando a axuda estea supeditada a que unha parte ou a súa totalidade se repercuta aos produtores primarios.

d) Ás empresas que realizan actividades relacionadas coa exportación a países terceiros ou Estados membros cando a axuda estea vinculada directamente ás cantidades exportadas, á creación e funcionamento dunha rede de distribución ou a outros gastos de explotación vinculados á actividade de exportación.

e) As axudas condicionadas á utilización de produtos nacionais en lugar de importados.

Artigo 26. *Devolución voluntaria da subvención*

1. De acordo co establecido no artigo 64 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, as persoas beneficiarias poderán realizar,

CVE-DOG: gvijdk12-dfr3-7ph2-u114-oblvuqzmngh1



sen o requirimento previo da Administración, a devolución total ou parcial da subvención concedida, mediante o seu ingreso na conta ES82 2080 0300 8731 1006 3172, en concepto de devolución voluntaria da subvención.

2. En todo caso, a persoa beneficiaria deberá presentar ante o órgano concedente copia xustificativa da devolución voluntaria realizada, na cal conste a data do ingreso, o seu importe e o número do expediente e denominación da subvención concedida.

CAPÍTULO IV

Programa II. Fomento da contratación por conta allea (TR349I e TR349L)

Artigo 27. Obxecto e finalidade

Este programa ten por obxecto fixar as bases reguladoras e proceder á convocatoria para o ano 2017 dos programas de incentivos á contratación por conta allea que teñen por finalidade favorecer o emprego estable e facilitar a empregabilidade e ocupabilidade das persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil, a través dos seguintes procedementos:

a) Incentivos á contratación indefinida inicial das persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil (TR349I).

b) Incentivos á contratación temporal das persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil e a súa transformación en contrato indefinido (TR349L).

Artigo 28. Entidades beneficiarias

1. Poderán ser entidades beneficiarias dos incentivos previstos neste programa as persoas empregadoras e as empresas, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, incluídas as persoas autónomas, as sociedades civís e as comunidades de bens, aínda que carezan de personalidade xurídica, que contraten traballadoras ou traballadores por conta allea para prestaren servizos en centros de traballo radicados na Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo cos requisitos e condicións que se establecen nesta orde.

No caso de sociedades civís, comunidades de bens e unións temporais de empresas deberá facerse constar expresamente, tanto na solicitude coma na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención que se vai aplicar para cada un deles, que terán igualmente a



consideración de beneficiario. En calquera caso, deberán nomear unha persoa representante ou apoderada única da agrupación, con poderes bastantes para cumprir as obrigas que, como beneficiaria, lle correspondan á agrupación. No suposto de unións temporais de empresas cada empresa que forme parte desta unión deberá reunir os requisitos exixidos para acceder ás axudas.

2. Non poderán ser entidades beneficiarias destas axudas as administracións públicas, as sociedades públicas, nin as entidades vinculadas ou dependentes de calquera delas.

3. Non poderán obter a condición de entidade beneficiaria das subvencións establecidas neste programa as persoas ou entidades en que concorran algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia:

a) Ser condenadas mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.

b) Solicitar a declaración de concurso, ser declaradas insolventes en calquera procedemento, acharse declaradas en concurso salvo que neste adquirise eficacia un convenio, estar suxeitas a intervención xudicial ou ser inhabilitadas conforme a Lei concursal sen que conclúa o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

c) Dar lugar, por causa da que fosen declaradas culpables, á resolución firme de calquera contrato suscrito coa Administración.

d) Estar incurso a persoa física, os administradores das sociedades mercantís ou aqueles que exerzan a representación legal doutras persoas xurídicas nalgún dos supostos de incompatibilidades que estableza a normativa vixente.

e) Non estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social ou ter pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma nos termos regulamentariamente establecidos.

f) Ter a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.

g) Non estar ao día de pagamento de obrigas por reintegro de subvencións nos termos regulamentariamente establecidos.

CVE-DOG: gvijdk12-dfr3-7ph2-u1i4-oblvuqzmng1



h) Ser sancionada, mediante resolución firme, coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ou a Lei xeral tributaria.

i) Non poderán acceder á condición de entidade beneficiaria as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas sen personalidade, cando concorra algunha das prohibicións anteriores en calquera dos seus membros.

j) En ningún caso poderán obter a condición de entidade beneficiaria as asociacións incursas nas causas de prohibición previstas nos números 5 e 6 do artigo 4 da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, nin as asociacións respecto das cales se suspendeu o procedemento administrativo de inscrición por atoparse indicios racionais de ilicitude penal, en aplicación do disposto no artigo 30.4 da Lei orgánica 1/2002, mentres non recaia resolución xudicial firme en cuxa virtude se poida efectuar a inscrición no correspondente rexistro.

4. Non poderán obter a condición de entidade beneficiaria os solicitantes que estean excluídos do acceso aos beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego, conforme o establecido no artigo 46 e 46 bis do texto refundido da Lei de infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto.

5. A xustificación por parte das persoas ou entidades solicitantes de non estar incursas nas prohibicións contidas nos números 3 e 4 anteriores para obter a condición de beneficiario realizarase mediante declaración responsable.

Artigo 29. *Competencia*

A competencia para coñecer e resolver as solicitudes de axudas presentadas ao abeiro deste capítulo, por delegación da persoa titular da consellería de Economía, Emprego e Industria, corresponderalle ás persoas titulares das xefaturas territoriais da Consellería de de Economía, Emprego e Industria, polas contratacións que se realicen para prestar servizos en centros de traballo radicados na respectiva provincia.

Artigo 30. *Ámbito temporal de aplicación e contratacións subvencionables*

Serán subvencionables ao abeiro deste programa:

a) As contratacións indefinidas iniciais e as contratacións temporais realizadas desde o 1 de outubro de 2016 ata o 30 de setembro de 2017 formalizadas con persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil.



b) As transformacións en indefinidos dos contratos temporais realizados desde o 1 de outubro de 2016 e subvencionados ao abeiro deste programa, sempre que a transformación se formalice ata o 30 de setembro de 2017, formalizadas con persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil.

Artigo 31. *Prazos e solicitudes*

1. As solicitudes de axudas polas contratacións subvencionables realizadas entre o 1 de outubro de 2016 e a data da publicación desta orde, deberán presentarse no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da publicación da orde. Entenderase como último día de prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación e se no mes de vencemento non hai día equivalente ao inicial do cómputo entenderase que o prazo finaliza o último día do mes.

2. As axudas previstas polas contratacións subvencionables realizadas desde a entrada en vigor desta orde deberán solicitarse ata o último día do segundo mes seguinte á data en que se inicie a relación laboral pola que se solicita subvención. Se o último día de prazo for inhábil entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.

3. O prazo para a presentación das solicitudes de axudas rematará o 30 de setembro de 2017, aínda que nesa data non transcorrese o prazo sinalado no parágrafo anterior.

Artigo 32. *Procedemento de concesión, instrución e tramitación*

1. O procedemento de concesión das solicitudes presentadas ao abeiro desta orde axustarase ao disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que establece un procedemento de concesión que non ten a consideración de concorrencia competitiva, dado que, de acordo coa finalidade e o obxecto do programa, non resulta necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento, senón que a concesión da axuda se realiza pola comprobación da concorrencia nas empresas e nos empregadores dos requisitos establecidos, ata o esgotamento do crédito orzamentario. Tendo en conta o volume de solicitudes presentadas nos últimos anos e co obxectivo de que o orzamento asignado a este programa sexa máis equilibrado, de acordo co nivel de persoas desempregadas que hai en cada provincia, na presente orde farase unha distribución provincial do crédito en función da taxa de desemprego, segundo os datos de paro rexistrados no Servizo Público de Emprego de Galicia, a nivel provincial, en 31 de decembro de 2016. No suposto de que o crédito asignado a unha provincia sexa



superior ao número de solicitudes presentadas de forma que exista remanente orzamentario, realizarase unha repartición proporcional deste entre as provincias restantes.

2. Entenderase que a empresa ou o empregador desiste da súa solicitude cando a persoa traballadora pola cal se solicita subvención cause baixa na empresa solicitante en data anterior á resolución da concesión da axuda. A empresa solicitante está obrigada a comunicar esta situación ao órgano ante o cal solicitou a axuda.

Artigo 33. *Xustificación e pagamento*

1. De non achegarse con anterioridade, o pagamento das subvencións quedará condicionado á presentación da documentación xustificativa para o pagamento no prazo, nos termos e no modo establecido na resolución de concesión. Excepcionalmente, e por causas debidamente xustificadas, o órgano concedente poderá outorgar unha ampliación do prazo establecido para a presentación da xustificación que non exceda da metade deste. O acordo de ampliación deberá ser notificado ás persoas ou entidades beneficiarias.

A documentación que hai que presentar é a seguinte:

a) Cumprimento por parte da empresa da obriga de informar as persoas traballadoras acerca do financiamento do FSE e da Iniciativa de Emprego Xuvenil da subvención dos seus contratos, segundo o modelo do anexo VII-A e anexo VII-B.

b) Declaración complementaria da presentada coa solicitude, do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións, segundo o modelo do anexo VI-A e anexo VI-B.

c) Documentación acreditativa (fotografías ou documentos equivalentes) do cumprimento das obrigas de información e publicidade a que se refire o artigo 11.d) desta orde.

d) Información dos indicadores de produtividade sobre as entidades e os participantes a que se refiren os anexos I e II do Regulamento (UE) nº 1304/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de setembro de 2013, relativo ao Fondo Social Europeo, de acordo co modelo que estará dispoñible na páxina web do Programa de garantía xuvenil (<http://garantiaxuvenil.xunta.gal>).

CVE-DOG: gvjjdk12-dfr3-7ph2-u114-oblvuqzmngh1



e) Declaración responsable de que posúe a capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir as condicións da axuda.

f) Se é o caso, extracto do balance provisional contable da entidade beneficiaria, asinado e selado, que permita verificar a contabilidade separada dos gastos subvencionados e da subvención concedida. Os documentos contables que se presenten deben incluír as contas ou as subcontas en que se contabilizaron os gastos imputados, as datas e os números dos asentos contables, e a indicación específica do seu cofinanciamento polo Fondo Social Europeo. Estes documentos contables poden ir acompañados dunha breve explicación sobre a sistemática de contabilización dos gastos.

2. Non se poderá realizar o pagamento da subvención mentres a entidade beneficiaria non estea ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social ou teña pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma ou sexa debedora en virtude de resolución firme declarativa de procedencia de reintegro.

Artigo 34. *Resolución e recursos*

1. Logo da fiscalización pola correspondente intervención delegada da proposta emitida polo Servizo de Emprego e Economía Social da xefatura territorial correspondente, a resolución ditaraa o órgano competente por delegación da persoa titular da Consellería de Economía, Emprego e Industria e seralle notificada á persoa interesada. As resolucións de concesión ou denegación serán sempre motivadas.

2. O prazo para resolver e notificar é de tres meses, que se computarán desde a data de entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. Transcorrido o devandito prazo sen que se dite resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude, de acordo co establecido no artigo 23.5 da Lei de subvencións de Galicia.

3. Notificada a resolución polo órgano competente, as entidades propostas como beneficiarias disporán dun prazo de dez días para a súa aceptación; transcorrido este, sen que se produza manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada.

4. As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, de acordo co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Poderá

CVE-DOG: gvjjdk12-dfr3-7ph2-u114-oblvuqzmng1



formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de conformidade coa Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Artigo 35. *Incompatibilidades e concorrencia*

1. Os incentivos establecidos para cada modalidade de contratación recollidos nesta orde son incompatibles entre si. Para o caso de que unha mesma contratación poida dar lugar á súa inclusión en máis dun dos supostos para os cales está prevista a subvención, correspóndelle a opción á persoa solicitante.

2. As axudas previstas neste programa para as contratacións por conta allea son incompatibles con outras que, polos mesmos conceptos, poidan outorgar as administracións públicas como medida de fomento de emprego. Non obstante, serán compatibles, se é o caso, coas bonificacións ou reducións de cotizacións á Seguridade Social.

3. Os incentivos establecidos neste programa serán compatibles con calquera outra axuda para distinta finalidade da Unión Europea, doutras administracións públicas ou entes públicos ou privados pero, sen que en ningún caso, illadamente ou en concorrencia con outras poidan superar os límites establecidos pola Unión Europea e os que establece o artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 36. *Perda do dereito ao cobramento da subvención e reintegro*

1. Procederá a perda do dereito ao cobramento da subvención, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a exixencia do xuro de mora correspondente desde o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e nos programas desta orde.

2. As obrigas de reintegro establecidas nesta orde, entenderanse sen prexuízo do establecido no Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, que aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

3. Procederá o reintegro nos casos previstos para cada procedemento concreto nos artigos 46 e 54 desta orde.



Artigo 37. *Devolución voluntaria da subvención*

1. De acordo co establecido no artigo 64 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, as entidades beneficiarias poderán realizar, sen o requirimento previo da Administración, a devolución total ou parcial da subvención concedida, mediante o seu ingreso na conta ES82 2080 0300 8731 1006 3172, en concepto de devolución voluntaria da subvención.

2. En todo caso, a entidade beneficiaria deberá presentar ante o órgano concedente copia xustificativa da devolución voluntaria realizada, en que conste a data do ingreso, o seu importe e o número do expediente e denominación da subvención concedida.

Artigo 38. *Réxime das axudas*

1. As axudas establecidas neste capítulo quedan sometidas ao réxime *de minimis* nos termos establecidos no Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* (DOUE L352, do 24 de decembro de 2013). Esta circunstancia farase constar expresamente na resolución de concesión da subvención. Polo tanto, a axuda total *de minimis* concedida a unha empresa non será superior a 200.000 euros durante o período dos dous exercicios fiscais anteriores e o exercicio fiscal actual da empresa solicitante, ou a 100.000 euros no suposto dunha axuda concedida a unha empresa que opere no sector do transporte pola estrada. Para o cómputo dos límites deste réxime de axudas terase en conta o concepto de «única empresa» establecido no artigo 2 do Regulamento (UE) 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013.

2. Por tratarse de axudas sometidas ao réxime de axudas *de minimis*, non poderá concederse a empresas dos seguintes sectores:

a) Pesca e acuicultura, segundo se establece no Regulamento (CE) nº 1379/2013 do Consello.

b) As axudas concedidas ás empresas dedicadas á produción primaria dos produtos agrícolas que figuran na lista do anexo I do Tratado.



c) As axudas concedidas ás empresas que operan no sector da transformación e comercialización de produtos agrícolas, nos casos seguintes:

1º. Cando o importe da axuda se determine en función do prezo ou da cantidade de produtos deste tipo adquiridos a produtores primarios ou comercializados polas empresas interesadas.

2º. Cando a axuda estea supeditada a que unha parte ou a súa totalidade se repercuta aos produtores primarios.

d) As axudas ás actividades relacionadas coa exportación a países terceiros ou Estados membros cando a axuda estea vinculada directamente ás cantidades exportadas, á creación e funcionamento dunha rede de distribución ou a outros gastos de explotación vinculados á actividade de exportación.

e) As axudas condicionadas á utilización de produtos nacionais en lugar de importados.

CAPÍTULO V

Procedemento de incentivos á contratación indefinida inicial de persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil (TR349I)

Artigo 39. Contratacións subvencionables

Os incentivos previstos neste procedemento serán de aplicación ás contratacións indefinidas iniciais a tempo completo, incluída a modalidade de fixo discontinuo, que realicen as empresas e as persoas empregadoras desde o 1 de outubro de 2016 ata o 30 de setembro de 2017 formalizadas con persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil.

Artigo 40. Requisitos

1. A persoa moza pola que se solicita a subvención debe estar inscrita no Sistema nacional de garantía xuvenil, estar desempregada na data da súa contratación indefinida inicial a tempo completo e non ter traballado no día natural anterior á data da contratación.

2. Como consecuencia da contratación indefinida inicial pola que se solicita subvención ten que incrementarse o cadro de persoal fixo da empresa, no ámbito territorial de Galicia,



respecto ao mes anterior ao mes de realización da contratación pola que se solicita subvención.

3. Como consecuencia da contratación indefinida que se fomenta ten que incrementarse o emprego neto da empresa no ámbito territorial de Galicia, respecto ao mes anterior ao mes de realización da contratación pola que se solicita subvención.

4. Para o cálculo do incremento do cadro de persoal fixo e neto non se computarán as persoas traballadoras fixas cuxo contrato de traballo se extinga por causas obxectivas ou por despedimento disciplinario que non sexan declarados improcedentes ou cuxas baixas se produzan por dimisión da persoa traballadora ou por morte, xubilación, incapacidade permanente total ou absoluta ou grande invalidez legalmente recoñecidas ou por resolución durante o período de proba.

No caso de que no mes anterior á contratación pola que se solicita a subvención coincida con períodos de inactividade de persoas traballadoras fixas-descontinuas, estas computaranse como persoal fixo.

5. Os contratos de traballo subscritos cos traballadores e traballadoras seleccionados/as deberán comunicarse á oficina de emprego correspondente, necesariamente a través da aplicación CONTRAT@, agás no caso de empresas de menos de cinco traballadores, que poderán facelo a través desta aplicación ou ben por escrito.

Artigo 41. *Contías dos incentivos*

1. As contratacións indefinidas iniciais incentivaranse cunha axuda de 7.000 euros.

Esta contía incrementarase nun 25 % nos seguintes casos:

- a) Se a persoa incorporada é unha muller.
- b) Se a persoa incorporada ten discapacidade ou está en situación ou risco de exclusión social.
- c) Se a persoa incorporada pertence a unha unidade familiar en que todos os seus membros están desempregados.
- d) No caso de que o centro de traballo (ou domicilio fiscal, no caso de carecer deste) estea situado nun concello rural.



No suposto de ter dereito a un o varios incrementos aplicárase a subvención aos indicados na solicitude, salvo que da documentación achegada coa solicitude quede acreditada a aplicación dalgún incremento superior.

2. Os beneficios establecidos á contratación neste capítulo non poderán, en concorrencia con outras axudas públicas para a mesma finalidade, superar o 60 % do custo salarial de dúas anualidades correspondentes ao contrato que se subvenciona.

Artigo 42. *Exclusións*

Exclúense dos beneficios regulados neste procedemento:

1. As relacións laborais de carácter especial previstas no artigo 2.1 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores ou noutras disposicións legais, así como as contratacións de traballadores ou traballadoras para prestaren servizos noutras empresas mediante contratos de posta á disposición.

2. Os contratos realizados co cónxuxe, cos ascendentes, cos descendentes e demais parentes, por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grao inclusive, da empresaria ou empresario ou das persoas que teñan cargos de dirección ou sexan membros dos órganos de administración das empresas que revistan a forma xurídica de sociedade, así como as que se produzan con estes últimos. Non será aplicable esta exclusión cando a persoa empregadora sexa unha persoa traballadora autónoma que contrate como persoa traballadora por conta allea os fillos e fillas menores de 30 anos, tanto se conviven ou non con el, ou cando se trate dunha persoa traballadora autónoma sen persoas asalariadas e contrate un só familiar menor de 30 anos que non conviva no seu fogar nin estea ao seu cargo.

3. As contratacións realizadas con persoas traballadoras que nos 24 meses anteriores á data da contratación prestasen servizos na mesma empresa ou única empresa, segundo o establecido no artigo 2 do Regulamento (UE) 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, mediante un contrato de carácter indefinido ou nos últimos tres meses mediante un contrato de carácter temporal ou mediante un contrato formativo, de remuda ou de substitución por anticipación da idade de xubilación. O disposto neste parágrafo será tamén de aplicación no suposto de vinculación laboral anterior do traballador ou da traballadora con empresas ás cales a persoa solicitante dos beneficios sucedese en virtude do establecido no artigo 44 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro.



4. As persoas traballadoras que rematen unha relación laboral de carácter indefinido noutra empresa nun prazo de tres meses previos á formalización do contrato polo que se solicita a subvención, agás que a dita relación laboral finalizase por causa dun despedimento recoñecido ou declarado improcedente ou se extinga por algunha das causas sinaladas nos artigos 49.1.g), 51 e 52.c) do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro.

Artigo 43. Documentación complementaria necesaria para a tramitación do procedemento TR349I

1. As solicitudes deberán presentarse no modelo normalizado que figura como anexo I-A a esta orde, xunto coa seguinte documentación:

a) Cando se actúe mediante representación, esta atribución expresa acreditarase por calquera medio válido en dereito que deixe constancia fidedigna; deberase achegar declaración ante un notario ou secretario municipal, adquirindo esta a categoría de documento público, que poderá ser substituída por declaración en comparecencia persoal do representado ante o órgano xestor.

b) Declaración do cadro de persoal, neto e fixo, de todos os centros de traballo da empresa en Galicia no mes anterior ao mes de inicio da relación laboral da persoa traballadora contratada pola que se solicita subvención (anexo II-A).

c) Relación nominal das persoas traballadoras polas que se solicita subvención en que se inclúan os custos salariais totais anuais de cada persoa traballadora pola que se solicita subvención (anexo III-A) e a nómina do mes de contratación.

d) Informe de vida laboral dun código conta de cotización correspondente ao mes en que se realiza a contratación da persoa traballadora pola que se solicita subvención e o correspondente ao mes anterior. Se a empresa ten varias contas de cotización deberá presentarse o informe de vida laboral de todas elas. Se é o caso, TA2 de baixa das persoas traballadoras indefinidas contratadas que causaron baixa por dimisión, morte, xubilación, incapacidade permanente total, absoluta ou grande invalidez da persoa traballadora ou por resolución durante o período de proba.

e) Documentación acreditativa da concorrencia dos supostos que dan lugar a incrementos da contía da axuda (para os casos de exclusión social ou discapacidade recoñecida fóra de Galicia).

CVE-DOG: gvijdk12-dfr3-7ph2-u1i4-oblvuqzmngh1



f) No caso de incorporación dunha persoa pertencente a unha familia en que todos os seus membros estean desempregados:

1º. Declaración responsable da persoa traballadora pola que se solicita subvención sobre a composición da súa unidade familiar, de acordo co modelo do anexo IV-A.

2º. Certificado de empadramento conxunto da unidade familiar.

3º. Copia do libro de familia.

g) Comprobación dos datos da persoa traballadora contratada e, tamén os dos membros da súa unidade familiar, no caso de que todos eles estean desempregados (anexo V-A).

2. Non será necesario achegar os documentos que xa foran presentados anteriormente sempre que a persoa interesada expresase o seu consentimento para que sexan consultados ou obtidos eses documentos. Para estes efectos, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os citados documentos.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á persoa interesada a súa presentación, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

3. A documentación complementaria presentarse por vía electrónica. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá requirir de maneira motivada a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

4. Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela na que fose realizada a emenda.

5. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente se se dispón del.

CVE-DOG: gvijdk12-dfr3-7ph2-u14-oblvuqzmmngh1



Artigo 44. Comprobación de datos

1. Para a tramitación deste procedemento consultaránse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas, segundo figura no anexo I-A, para as persoas solicitantes:

- a) DNI ou NIE da persoa solicitante ou representante.
- b) Certificación de estar ao día nas súas obrigas coa Seguridade Social.
- c) Certificación de estar ao día nas súas obrigas coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.
- d) Certificación de estar ao día nas súas obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria.

2. Así mesmo, consultaránse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas, segundo figura no anexo V-A, para as persoas traballadoras e os membros da súa unidade familiar:

- a) Inscripción no Servizo Público de Emprego.
- b) De ser o caso, certificado de inscrición no Rexistro de Parellas de Feito de Galicia.
- c) Datos de identidade (DNI ou NIE) das persoas maiores de 16 anos.
- d) Informe da vida laboral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social relativo ás persoas maiores de 16 anos.
- e) Certificado das prestacións e importes que figuran no Rexistro de Prestacións Sociais Públicas das persoas maiores de 16 anos.
- f) Certificado de discapacidade emitido pola Xunta de Galicia.

No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta deberán indicalo nos referidos anexos e achegar os documentos correspondentes.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos poderase solicitar das persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

CVE-DOG: gvijdk12-dfr3-7ph2-u1i4-oblvuqzmng1



Artigo 45. Obrigas das entidades beneficiarias

1. Manter no seu cadro de persoal fixo as persoas traballadoras subvencionadas durante un período de dous anos contado desde a data de realización da contratación.

No suposto de extinción da relación laboral dalgunha persoa traballadora pola que se concedeu a subvención, a empresa está obrigada a cubrir a vacante cunha nova contratación indefinida inicial, polo menos cunha xornada de traballo igual á anterior, e a persoa traballadora substituta deberá estar inscrita no Sistema nacional de garantía xuvenil e non ter traballado no día natural anterior á data da substitución obxecto de subvención. Esta substitución deberá realizarse ata o último día do mes seguinte ao da baixa subvencionada. Esta nova contratación deberá serlle comunicada ao órgano que concedeu a axuda e non dará lugar, en ningún caso, a unha nova subvención.

Ambas as circunstancias, que deben concorrer na persoa traballadora substituta, serán comprobadas de oficio polo órgano instrutor e a súa acreditación será incorporada ao expediente.

2. Unha vez finalizado o período dos dous anos do cumprimento desta obriga, corresponderá á Secretaría Xeral de Emprego levar a cabo a función de control das subvencións concedidas, así como a avaliación e seguimento deste programa.

Para iso, o beneficiario está obrigado a presentar, nos tres meses seguintes ao remate deste prazo, as nóminas das 24 mensualidades correspondentes a cada traballador subvencionado.

3. No prazo máximo de catro semanas desde o cumprimento dos prazos de mantemento da condición de traballador a que se refire o parágrafo 1 anterior, a entidade beneficiaria deberá presentar, respecto de cada unha das persoas polas que se percibiu a subvención ou as persoas substitutas, os indicadores de resultado inmediatos a que se refiren os anexos I e II do Regulamento (UE) nº 1304/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de setembro de 2013, relativo ao Fondo Social Europeo.

Artigo 46. Reintegración

Procederá o reintegro da axuda cando se produza algunha das seguintes circunstancias:

1. Cando a entidade beneficiaria incumpra a obriga establecida no artigo 45.1 deste capítulo, por cada contratación subvencionada e non substituída conforme o establecido



no dito artigo, procederá o reintegro da axuda concedida pola persoa traballadora de que se trate.

2. Neste suposto hai que diferenciar entre o reintegro total, cando non se leve a cabo a substitución da persoa traballadora que causou baixa ou se substitúa cunha persoa que non esta inscrita no Sistema nacional de garantía xuvenil, e o reintegro parcial, que procederá nos seguintes casos:

a) Se se efectuou a substitución pero esta non foi feita no prazo anteriormente indicado, o cálculo da contía que se reintegrará parcialmente farase do seguinte xeito:

1º. Divídese entre vinte e catro meses a subvención concedida.

2º. Calcúlase o número de meses que o posto estivo vacante, computándose para estes efectos o prazo que se concede para proceder á substitución. Así mesmo, o mes en que se leve a cabo a substitución considerarase como mes de incumprimento, sexa cal sexa o día do dito mes en que aquela se realice.

3º. Multiplícase o importe obtido na primeira operación (i) polo número de meses nos que o posto de traballo estivese vacante.

b) Se se efectuou a substitución, pero esta non foi feita polo menos cunha xornada de traballo igual ao da persoa que causou baixa, ou no suposto dunha modificación da xornada de traballo da persoa contratada e subvencionada, procederá o reintegro parcial da axuda concedida pola diferenza entre a cantidade percibida e a cantidade que correspondería pola xornada inferior e o cálculo da contía que se reintegrará farase do seguinte xeito:

1º. Divídese entre vinte e catro meses o importe concedido pola persoa traballadora de que se trate.

2º. Calcúlase a subvención que lle correspondería en función da nova xornada de traballo e divídese entre vinte e catro meses.

3º. Á contía obtida na operación primeira (i) réstaselle a contía obtida na operación segunda (ii).

4º. O resultado multiplícase polo número de meses que resten ata cumprir os vinte e catro, tendo en conta que o mes en que se leve a cabo a substitución será computado



entre os meses con xornada inferior, sexa cal sexa o día do dito mes en que aquela se realice.

CAPÍTULO VI

Procedemento de incentivos á contratación temporal de persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil e a súa transformación en contrato indefinido (TR349L)

Artigo 47. Contratacións subvencionables

1. Para os efectos deste procedemento serán subvencionables:

a) As contratacións de carácter temporal realizadas desde o 1 de outubro de 2016 ata o 30 de setembro de 2017 formalizadas con persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil.

b) As transformacións en indefinidos dos contratos temporais realizados desde o 1 de outubro de 2016 ata o 30 de setembro de 2017 e subvencionados ao abeiro deste procedemento, sempre que a transformación se realice ata o 30 de setembro de 2017.

2. Para os efectos deste procedemento, entenderase que se produce a transformación dun contrato temporal en indefinido en todos aqueles casos en que ambas as dúas modalidades contractuais se sucedan sen ruptura da relación laboral coa empresa, incluídos aqueles supostos en que o inicio da relación laboral indefinida teña lugar o día seguinte ao do termo da vixencia do contrato temporal do que deriva.

Artigo 48. Requisitos

1. Os incentivos previstos neste procedemento serán de aplicación a todas as modalidades contractuais de carácter temporal a tempo completo que se realicen con persoas mozas desempregadas, que non traballasen no día natural anterior á data da contratación e inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil.

2. Os contratos temporais terán unha duración mínima inicial superior a seis meses, agás os contratos en prácticas realizados conforme o artigo 11 do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, que terá unha duración inicial mínima de 12 meses.

3. O contrato para a formación e a aprendizaxe deberá adecuarse ao establecido no Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, polo que se desenvolve o contrato para a



formación e a aprendizaxe e se establecen as bases da formación profesional dual. Os contratos para a formación e a aprendizaxe terán unha duración mínima dun ano. Non obstante, mediante convenio colectivo poderán establecerse distintas duracións do contrato, en función das necesidades organizativas ou produtivas das empresas, sen que a duración mínima poida ser inferior a seis meses nin a máxima superior a tres anos.

Así mesmo, será necesario que a actividade formativa sexa autorizada pola Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

1. Efectuada a selección das persoas traballadoras, a entidade beneficiaria procederá á súa contratación utilizando necesariamente a modalidade de contrato de traballo temporal

CVE-DOG: gvijdk12-dfr3-7ph2-u114-oblvuqzmng1



coas cláusulas específicas de traballos de interese social, tendo en conta que os contratos deberán formalizarse no prazo e nos termos establecidos na resolución de concesión da subvención e, en todo caso, dentro do exercicio 2017.

2. Excepcionalmente, cando concorran causas debidamente xustificadas, a Secretaría Xeral de Emprego poderá autorizar o inicio dos servizos con posterioridade ao devandito prazo, logo da solicitude para o efecto da entidade beneficiaria.

3. As entidades darán de alta na Seguridade Social as persoas contratadas no código de conta de cotización que corresponda.

4. Os contratos de traballo subscritos cos traballadores e traballadoras seleccionados/as deberán comunicarse á oficina de emprego correspondente, necesariamente, a través da aplicación CONTRAT@, agás no caso de entidades de menos de cinco traballadores que poderán facelo a través desta aplicación ou ben por escrito.

5. Para a comunicación dos contratos de traballo á correspondente oficina de emprego deberán terse en conta os seguintes requisitos:

a) Que as persoas contratadas cumpran, no momento da contratación, os requisitos para ser beneficiarios deste programa.

b) Que se utilizase o modelo de contrato de traballo temporal coas cláusulas específicas de traballos de interese social.

6. En todo caso, as contratacións que incumpran calquera destes requisitos non se entenderán xustificadas e non poderán ser subvencionadas e, se é o caso, darán lugar á perda do dereito ao cobramento ou reintegro das axudas.

Artigo 67. *Substitución de traballadores e traballadoras*

1. Con carácter xeral, cando se produza a extinción do contrato antes de que remate o período de tempo tomado como referencia para o cálculo da subvención, a entidade beneficiaria poderá contratar outra persoa en substitución de aquela que causou baixa durante o tempo que reste para que remate o período subvencionado, sempre que a contratación se produza dentro dos 30 días seguintes ao da baixa na Seguridade Social da inicialmente contratada.

CVE-DOG: gvijdk12-dfr3-7ph2-u1i4-oblvuqzmngh1



2. No suposto de baixas temporais por maternidade ou por outras causas que se prevea que sexan de duración superior a 30 días, a substitución só será posible logo de autorización expresa da Secretaría Xeral de Emprego por solicitude fundamentada da entidade contratante.

3. A nova contratación deberá cumprir os requisitos exixidos na orde de convocatoria para as contratacións iniciais subvencionadas e deberá ser notificada á Secretaría Xeral de Emprego, indicando a causa da baixa, nun prazo máximo de 15 días desde a correspondente contratación. Na notificación a entidade beneficiaria deberá achegar os seguintes documentos:

a) Parte de baixa na Seguridade Social da persoa substituída.

b) Parte de alta na Seguridade Social e contrato de traballo na modalidade de contrato de traballo temporal coas cláusulas específicas de traballos de interese social da persoa substituta.

c) Certificado de selección da persoa substituta, no modelo publicado na web institucional da Xunta de Galicia, agás que se trate dunha candidata que quedase en lista de espera na primeira selección e cumpra no momento de formalizar a contratación os requisitos da orde de convocatoria para as contratacións subvencionadas.

d) Documento de información da subvención, en que conste o xustificante de recepción da persoa traballadora.

4. Tanto no caso de extinción, como de substitución por suspensión do contrato, a selección da persoa substituta deberá levarse a cabo logo de solicitude á correspondente oficina de emprego do Servizo Público de Emprego de Galicia, salvo que se trate de persoas candidatas remitidas por este na oferta inicial e cumpran os requisitos da orde de convocatoria no momento da súa contratación.

5. De non producirse a substitución ou cando, aínda producíndose, a suma dos distintos períodos de contratación referidos a este posto de traballo fose inferior ao o período de tempo tomado como referencia para o cálculo da subvención, procederase á redución da subvención concedida polo importe correspondente. En ningún caso se poderá producir un incremento da subvención concedida e a entidade beneficiaria deberá facerse cargo dos sobrecustos que estas substitucións comporten.



Artigo 68. Xustificación e pagamento

1. O aboamento da subvención para a contratación das persoas traballadoras desempregadas farase efectivo unha vez cumprido o obxecto para o cal foi concedida, que se xustificará mediante a presentación da seguinte documentación, na data límite establecida na resolución de concesión:

a) Contratos de traballo, na modalidade de contrato de traballo temporal coas cláusulas específicas de traballos de interese social, formalizados e debidamente comunicados.

b) Partes de alta na Seguridade Social xunto co informe de datos de cotización (IDC).

c) Un certificado do órgano competente da entidade beneficiaria, en que conste a realización da selección de acordo cos procedementos establecidos nesta orde.

d) A declaración responsable da entidade solicitante de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma nin ser debedor por resolución de procedencia de reintegro.

e) Unha declaración complementaria do conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes, no modelo que se publica como anexo III-C.

f) Unha fotografía do cartel informativo en que se reflicta a súa localización, nos termos sinalados no artigo 70 facendo mención expresa ao cofinanciamento polo Fondo Social Europeo. Ademais, acreditación, se é o caso, do sitio da internet da entidade, no cal conste unha breve descrición da operación, cos seus obxectivos e resultados, destacando o apoio financeiro da Unión Europea.

g) Documentos de información ás persoas traballadoras da subvención polo Fondo Social Europeo, debidamente asinados.

h) A declaración responsable da entidade beneficiaria da subvención de que a actividade de que van desenvolver as persoas traballadoras contratadas está destinada á prestación de servizos de interese xeral e social de conformidade cos fins recollidos na escritura pública e/ou estatutos de constitución da entidade e en relación co contido do servizo que se vai realizar, nos termos do artigo 69.g), segundo o modelo que se publica na web institucional da Xunta de Galicia no enlace <http://emprego.ceei.xunta.gal/portada-emprego>.



i) Información dos indicadores de produtividade e execución sobre as entidades e os participantes aos cales se refiren os anexos I e II do Regulamento (UE) nº 1304/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de setembro de 2013, relativo ao Fondo Social Europeo.

Os certificados, declaracións, documentos e carteis informativos sinalados neste parágrafo deberán realizarse segundo os respectivos modelos que se publican na web institucional da Xunta de Galicia no enlace <http://emprego.ceei.xunta.gal/portada-emprego>.

2. O cumprimento dos requisitos das persoas traballadoras establecidos no punto 1 do artigo 65 de estar desempregadas e inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil na data de formalización do contrato e non ter traballado no día natural anterior á data de sinatura do referido contrato, será comprobado de oficio polo órgano concedente, e a súa acreditación se incorporará ao expediente.

3. Unha vez recibidos os fondos, a entidade beneficiaria deberá remitir á Secretaría Xeral de Emprego unha certificación acreditativa da súa recepción. Para estes efectos deberá presentar:

a) O certificado de recepción de fondos, de acordo co modelo que se publica na web institucional da Xunta de Galicia <http://emprego.ceei.xunta.gal/portada-emprego>.

b) Extracto bancario xustificativo do ingreso do importe da subvención concedida.

Artigo 69. Obrigas das entidades beneficiarias

As entidades beneficiarias, ademais das establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, deberán cumprir as seguintes obrigas:

a) Aceptación da subvención no prazo de 10 días, de conformidade co disposto no artigo 21.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Transcorrido o citado prazo sen que se produza manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada.

b) Realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

c) Aboar ás persoas contratadas os salarios que legal ou convencionalmente lles correspondan e sexan acordes coa súa categoría profesional e titulación, e asumir a diferenza entre a cantidade subvencionada e os custos salariais e de Seguridade Social totais.



d) Con independencia do cobramento ou non da subvención, deberán satisfacer ao seu vencemento e mediante transferencia bancaria as obrigas económicas que deriven do funcionamento dos servizos subvencionados, especialmente as de carácter salarial.

e) Someterse ás actuacións de comprobación e control que poida efectuar a Consellería de Economía, Emprego e Industria e a Inspección de Traballo e Seguridade Social, ás de control financeiro que correspondan á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e o Consello de Contas, as relativas ás verificacións que poidan realizar os organismos implicados na xestión e seguimento do Fondo Social Europeo, e ás que poidan corresponder á Comisión e ao Tribunal de Contas Europeo.

Para os efectos dun correcto seguimento do desempeño das tarefas subvencionadas, a entidade beneficiaria da subvención deberá manter unha planificación permanentemente actualizada e respecto de cada unha das persoas traballadoras contratadas, no relativo ao: lugar de realización do servizo e á distribución do tempo de traballo por día da semana. A dita planificación deberá estar á disposición da administración actuante para achegala cando se lle requira.

f) Comunicarlle á Consellería de Economía, Emprego e Industria aquelas modificacións que afecten a realización da actividade que vaian desenvolver as traballadoras e traballadores contratados, co obxecto de que poida valorar se o seu carácter produce unha alteración substancial das condicións tidas en conta para a concesión da subvención.

g) Presentar ante a Secretaría Xeral de Emprego da Consellería de Economía, Emprego e Industria, no prazo establecido na resolución concedente da subvención, unha declaración responsable de que a actividade que vaian desenvolver as persoas traballadoras contratadas está destinada á prestación de servizos de interese xeral e social de conformidade cos fins recollidos na escritura pública e/ou estatutos de constitución da entidade beneficiaria da subvención e en relación co contido do servizo que se vai realizar, de acordo co modelo que se publica na web institucional da Xunta de Galicia <http://emprego.ceei.xunta.gal/portada-emprego>.

h) Presentar ante a Secretaría Xeral de Emprego da Consellería de Economía, Emprego e Industria, no prazo de 15 días desde a finalización do contrato subvencionado, unha memoria final, que deberá conter, como mínimo, a descrición do servizo subvencionado especificando as actuacións realizadas, o nome, perfil profesional, categoría profesional pola que se contratou aos traballadores subvencionados, e a práctica profesional adquirida



por estes, a data de inicio e de fin do contrato, asinada tanto polo traballador como polo responsable da entidade.

i) As entidades beneficiarias deberán proporcionarlle ao persoal contratado tarxetas identificativas do servizo subvencionado, no modelo que estableza a Secretaría Xeral de Emprego e que se publicará na web institucional da Xunta de Galicia no enlace <http://emprego.ceei.xunta.gal/portada-emprego>, no cal constará a colaboración da consellería e mais o cofinanciamento polo FSE e a súa inclusión no Sistema nacional de garantía xuvenil. O persoal contratado deberá levalas consigo cando estea a realizar a actividade obxecto da subvención.

j) Respetar as normas de subvencionalidade do gasto financiado polo FSE, reguladas mediante os artigos 69 e 125 do Regulamento (UE) 1303/2013, do 17 de decembro de 2013, e o artigo 13 do Regulamento (UE) 1304/2013, do 17 de decembro de 2013, así como as que se diten no seu desenvolvemento para o período 2014-2020.

k) Cumprir con cantas obrigas deriven da normativa de aplicación do cofinanciamento polo FSE e a Iniciativa de Emprego Xuvenil, de conformidade co establecido no artigo seguinte.

l) No prazo máximo de catro semanas desde o cumprimento dos prazos de mantemento da condición de traballador, a entidade beneficiaria deberá presentar, respecto de cada unha das persoas polas que se percibiu a subvención, os indicadores de resultado inmediatos a que se refiren os anexos I e II do Regulamento (UE) nº 1304/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de setembro de 2013, relativo ao Fondo Social Europeo. A Administración poderá requirir a actualización destes datos no prazo de seis meses desde que finalice este mantemento, coa finalidade de formalizar os indicadores de resultado a longo prazo descritos no antedito regulamento. A información obtida será posta en coñecemento da rede de técnicos de orientación laboral específicos do Servizo Público de Emprego de Galicia, polo mecanismo de coordinación que se determine, para os efectos dun mellor cumprimento dos obxectivos do Sistema nacional de garantía xuvenil.

m) Manter un sistema de contabilidade separada ou unha codificación contable adecuada de todas as transaccións realizadas con cargo aos proxectos subvencionados, referidos a operacións da afectación da subvención á finalidade da súa concesión.

n) Manter unha pista de auditoría suficiente e conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

CVE-DOG: gvijdk12-dfr3-7ph2-u1i4-oblvuqzmggh1



Artigo 70. Cofinanciamento polo Fondo Social Europeo: seguimento

1. Esta convocatoria de axudas enmárcase dentro do Programa operativo de emprego xuvenil cofinanciado pola Iniciativa de Emprego Xuvenil e o Fondo Social Europeo para o período 2014-2020.

2. Co fin de efectuar un seguimento adecuado da execución dos proxectos cofinanciados polo FSE e a Iniciativa de Emprego Xuvenil, ao abeiro do Programa operativo de emprego xuvenil para o período 2014-2020, mediante as subvencións reguladas neste programa a entidade beneficiaria deberá someterse, segundo a normativa europea que resulte de aplicación, ao cumprimento das seguintes obrigas:

a) Relacionadas coas medidas de información e publicidade: cumprir coas medidas de información e comunicación establecidas no anexo XII do Regulamento (UE) nº 1303/2013, do 17 de decembro de 2013.

No lugar onde se realicen os servizos deberá figurar, de forma visible, un cartel informativo, en modelo normalizado establecido e publicado pola Secretaría Xeral de Emprego na web institucional da Xunta de Galicia no enlace <http://emprego.ceei.xunta.gal/portada-emprego>, no cal constará o cofinanciamento polos servizos públicos de emprego, polo Fondo Social Europeo e a Iniciativa de Emprego Xuvenil.

Ademais, durante este tempo, de dispoñer a entidade dun sitio da internet, deberá realizar unha breve descrición da operación, cos seus obxectivos e resultados, destacando o apoio financeiro da Unión Europea.

b) Utilizar os documentos de información ás persoas traballadoras da subvención polo Fondo Social Europeo no modelo normalizado na web institucional da Xunta de Galicia no enlace: <http://emprego.ceei.xunta.gal/portada-emprego>.

c) Relacionadas cos sistemas de xestión e control e sen prexuízo da obriga de xustificación das subvencións percibidas nos termos establecidos na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e na presente norma:

1º. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, durante os tres anos seguintes á certificación dos gastos á Comisión Europea, de conformidade co artigo 140.1 do Regulamento (UE) 1303/2013, en canto poidan ser obxecto das actuacións

CVE-DOG: gvijdk12-dfr3-7ph2-u114-oblvuqzmng1



de comprobación e control. A data de certificación dos gastos á Comisión Europea será publicada no *Diario Oficial de Galicia*.

2º. Manter unha pista de auditoría suficiente e conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, durante os tres anos seguintes á certificación dos gastos á Comisión Europea, de conformidade co artigo 140.1 do Regulamento (UE) 1303/2013, en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control. A data de certificación dos gastos á Comisión Europea será publicada no *Diario Oficial de Galicia*.

3º. Presentar ante a Secretaría Xeral de Emprego da Consellería de Economía, Emprego e Industria, no prazo de dous meses, unha vez que finalice a execución desas, modelo RNT (relación nominal de traballadores).

4º. Someterse ás actuacións de comprobación e control que poida efectuar a Consellería de Economía, Emprego e Industria e a Inspección de Traballo e Seguridade Social, ás de control financeiro que correspondan á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e o Consello de Contas, as relativas ás verificacións que poidan realizar os organismos implicados na xestión e seguimento do Fondo Social Europeo, e ás que poidan corresponder á Comisión e ao Tribunal de Contas Europeo.

d) Realizar as actuacións precisas para recoller información suficiente relativa ao desenvolvemento das actuacións, que permita dar cumprimento aos requisitos de información a través de indicadores de execución e resultados enumerados no artigo 5 do Regulamento (UE) nº 1304/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 17 de decembro de 2013 relativo ao Fondo Social Europeo.

3. En desenvolvemento do artigo 125 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento e do Consello, dentro das actuacións de seguimento e control, incluíranse necesariamente visitas sobre o terreo para comprobar *in situ* a realidade da prestación dos proxectos subvencionados.

As ditas visitas realizaranse sobre unha mostraxe e/ou segundo criterios baseados no risco, é dicir, abranguendo as operacións de grande importe, as operacións en que previamente se detectaron problemas ou irregularidades ou nas que, con ocasión doutros controis, se puxeron de manifesto operacións concretas que sexan en aparencia anómalas e requiran un exame máis detallado ou información adicional.

CVE-DOG: gvijdk12-dfr3-7ph2-u1i4-oblvuqzmmngh1



4. O Servizo de Programas de Cooperación da Secretaría Xeral de Emprego realizará de oficio a efectos de seguimento das axudas, a comprobación do cumprimento do período de contratación, mediante o correspondente acceso á vida laboral das persoas contratadas, deixando constancia documental do seu cumprimento no expediente.

Artigo 71. Perda do dereito ao cobramento e reintegro

1. Procederá a perda do dereito ao cobramento das subvencións, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a exixencia do xuro de demora, nos casos e nos termos previstos nos artigos 32 e 33 da citada Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

2. De conformidade co artigo 14.1.n) da citada Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, o importe que se debe reintegrar determinarase de acordo cos seguintes criterios de gradación dos posibles incumprimentos das condicións impostas con motivo da concesión das subvencións:

a) Incumprimento das condicións exixidas á entidade beneficiaria para a concesión da subvención: reintegro do 100 % sobre o gasto subvencionado.

b) Non realizar a actividade, ou adoptar un comportamento contrario ao que fundamenta a concesión da subvención: reintegro do 100 % sobre o gasto subvencionado.

c) Incumprimento da obriga de presentación da documentación exixida no artigo 70.2.c), no caso de que non se presente ningunha documentación procederá o reintegro do 100 % sobre o gasto subvencionado e, no suposto de presentación de parte da documentación exixida ou de que a documentación presentada sexa incorrecta, o importe que se debe reintegrar será proporcional ao gasto non xustificado.

d) Incumprimento da obriga de mantemento dun sistema de contabilidade separada ou unha codificación contable adecuada establecida no artigo 70.2.c), reintegro do 2 % sobre o gasto subvencionado.

e) Incumprimento da obriga de manter unha pista de auditoría suficiente establecida no artigo 70.2.c), reintegro do 2 % sobre o gasto subvencionado.

f) Incumprimento do prazo establecido para a presentación da documentación xustificativa para o pagamento sinalada no artigo 68: no caso de que o atraso sexa de ata 14 días



con respecto ao prazo establecido, suporá unha perda do dereito ao cobramento do 2 % sobre o gasto subvencionado; cando o atraso sexa entre os 15 e os 45 días, a perda do dereito ao cobramento será do 10 % sobre o gasto subvencionado e, no suposto de que o atraso supere en 45 días o prazo establecido procederá a perda total do dereito ao cobramento da subvención.

g) O atraso no cumprimento da obriga de satisfacer mensualmente, mediante transferencia bancaria, os pagamentos de carácter salarial, con independencia de ter cobrada a subvención, producirá as seguintes consecuencias: cando as obrigas salariais pagadas fóra de prazo sexan inferiores ao 50 % do gasto subvencionado, o importe que se reintegrará será equivalente ao importe pagado fóra do prazo establecido, e no suposto de que o importe das obrigas salariais pagadas fóra de prazo sexan iguais ou superiores ao 50 % do gasto subvencionado, procederá o reintegro do 100 % sobre o dito gasto subvencionado.

h) Incumprimento das obrigas en materia de publicidade establecidas no artigo 70.2: reintegro do 2 % sobre o gasto subvencionado.

i) Incumprimento da obriga de mantemento dun sistema de contabilidade separada ou unha codificación contable adecuada establecida no artigo 69.m; reintegro do 2 % sobre o gasto subvencionado.

j) Incumprimento da obriga de manter unha pista de auditoría suficiente establecida no artigo 69.n: reintegro do 2 % sobre o gasto subvencionado.

k) Procederá o reintegro total da axuda percibida, máis xuros de demora, sen prexuízo da incoación de expediente sancionador e demais responsabilidades en que poida incurrir a entidade beneficiaria, no caso de non comunicar a obtención doutras axudas que financien as actuacións subvencionadas.

l) Procederá o reintegro do 10 % da axuda percibida, no caso de incumprimento da obriga de comunicar ao órgano concedente a solicitude doutras axudas para a mesma finalidade.

3. A obriga do reintegro establecida no parágrafo anterior enténdese sen prexuízo do establecido no Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.



Disposicion adicional. Delegación de atribucións

Apróbase a delegación de atribucións da persoa titular da Consellería de Economía, Emprego e Industria nos xefes territoriais, no ámbito das súas respectivas provincias, para resolver a concesión ou denegación das axudas e subvencións dos programas I e II, así como autorizar, dispoñer, recoñecer a obriga e propor os correspondentes pagamentos, e para resolver os procedementos de reintegro das subvencións indebidamente percibidas polas persoas beneficiarias, respecto das resolucións concesorias das que derivan, ditadas por delegación do conselleiro.

Apróbase a delegación de atribucións da persoa titular da Consellería de Economía, Emprego e Industria na persoa titular da Secretaria Xeral de Emprego para a tramitación e resolución dos expedientes de redistribución de créditos necesarios para o financiamento destes programas.

Apróbase a delegación de atribucións da persoa titular da Consellería de Economía, Emprego e Industria na persoa titular da Secretaria Xeral de Emprego para resolver a concesión ou denegación das axudas e subvencións previstas no Programa III, así como para autorizar, dispoñer, recoñecer a obriga e propoñer os correspondentes pagamentos, así como as relativas aos procedementos de reintegro sinaladas no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Disposición derradeira primeira. Desenvolvemento da orde

Facúltase a persoa titular da Secretaria Xeral de Emprego para que dite, no ámbito das súas competencias, as resolucións e instrucións necesarias para o desenvolvemento e cumprimento desta orde.

Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2017

Francisco José Conde López
Conselleiro de Economía, Emprego e Industria

CVE-DOG: gvijdk12-dfr3-7ph2-u114-oblvuqzmng1





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO I

PROCEDEMENTO PROGRAMA I: PROMOCIÓN DO EMPREGO AUTÓNOMO DE PERSOAS MOZAS INSCRITAS NO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO TR341J	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	--	---

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE				
NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA	NÚMERO	BLOQUE	ANDAR PORTA
PARROQUIA		LUGAR		
CP	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE	
TELÉFONO	FAX	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO	
TEMPO DE PERMANENCIA EN DESEMPREGO				

E NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOMBRE	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

☐ Persoa solicitante
 ☐ Persoa representante

Todas as notificacións ás persoas interesadas realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia Notifica.gal (<https://notifica.xunta.gal>).

Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada.

Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir:

TELÉFONO MÓBIL

CORREO ELECTRÓNICO

DATOS BANCARIOS									
Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.									
TITULAR DA CONTA					NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)				
					IBAN				

DATOS DE IDENTIFICACIÓN DO PROXECTO DE NEGOCIO (estes datos deben coincidir cos do plan de negocio segundo o anexo II)									
ACTIVIDADE ECONÓMICA (DESCRICIÓN)								CNAE	
TIPO DE VÍA		NOME DA VÍA				NÚMERO	BLOQUE	ANDAR	PORTA
CP	PROVINCIA	CONCELLO				LOCALIDADE			
TELÉFONO		FAX		CORREO ELECTRÓNICO					
☐ Persoa autónoma individual ☐ Comunidade de bens ou sociedade civil ☐ Mutualidade (especificar)									
DATA DE ALTA NA SEGURIDADE SOCIAL				Nº DE INCRICIÓN NA SEGURIDADE SOCIAL			DATA DE ALTA NO IAE		





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO I
(continuación)

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA

IMPORTE DA SUBVENCIÓN:

Contía base: 4000 €

INCREMENTOS: (marque cun x o colectivo polo que solicita o incremento. Pode pertencer a un ou varios colectivos, non son excluíntes).

☐	25 %	Muller
☐	25 %	Persoa con discapacidade ou que se atopa en situación ou risco de exclusión social
☐	25 %	Persoa que pertence a unha unidade familiar en que todos os seus membros están desempregados
☐	25 %	Centro de traballo situado nun concello rural

Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- ☐ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención.
- ☐ Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMOS	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA

2. Que en relación coas axudas *de minimis*:

- ☐ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha axuda *de minimis*.
- ☐ Si solicitou e/ou se lle concederon axudas *de minimis*, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMOS	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña en réxime *de minimis* doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

3. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
4. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
5. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
6. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
7. Que non foi excluído/a do acceso aos beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego, conforme o establecido no artigo 46.2 do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.
8. Que coñece que as axudas solicitadas nesta orde están cofinanciadas polo Programa operativo de emprego xuvenil nun 91,89 %.
9. Que se compromete a entregar informe sobre a viabilidade do plan de negocio empresarial.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

☐ Documentación acreditativa da atribución expresa no caso de actuar mediante representación.	PRESENTADO	CÓD. PROC.	ANO
☐ Plan de negocio empresarial asinado pola persoa solicitante (segundo o modelo do anexo II) ou aqueloutra que, respectando o seu contido mínimo, queira presentar a persoa solicitante.	☐		
☐ Alta no censo de obrigados tributarios da Axencia Estatal de Administración Tributaria (modelo 036 ou 037).			
☐ Certificado do colexio profesional de alta no dito colexio, con indicación de se presupón ou non exercicio da actividade e certificado da mutualidade do colexio profesional con indicación dos períodos de alta nela, se é o caso.			
☐ Documentación acreditativa do colectivo polo cal se opta (para os casos de exclusión social ou discapacidade recoñecida fóra de Galicia).			
☐ Declaración responsable da unidade familiar (anexo IV), se é o caso.			
☐ Certificado de empadramento conxunto da unidade familiar, se é o caso.			
☐ Copia do libro de familia, se é o caso.			
☐ Anexo V, se é o caso.			
☐ Contrato ou documento de creación da entidade, no caso dunha comunidade de bens ou sociedade civil.	☐		



**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO I
(continuación)

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.

	OPÓÑOME Á CONSULTA
☒ DNI o NIE da persoa solicitante.	☐
☒ DNI o NIE da persoa representante.	☐
☒ Alta no réxime especial de traballadores autónomos.	☐
☒ Alta no imposto de actividades económicas.	☐
☒ Certificación de estar ao día das súas obrigacións coa Seguridade Social.	☐
☒ Certificación de estar ao día coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.	☐
☒ Certificación de estar ao día nas súas obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria.	☐
☒ NIF da entidade, no caso dunha comunidade de bens ou sociedade civil.	☐

MARQUE O RECADRO CORRESPONDIENTE PARA SINALAR AS CIRCUNSTANCIAS QUE LLE SEXAN DE APLICACIÓN

☐ Certificado de discapacidade emitido pola Xunta de Galicia.	☐
☐ Certificado de inscrición no Rexistro de Parellas de Feito de Galicia.	☐

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmaselle de que os datos persoais que facilite neste formulario quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Xunta de Galicia co obxecto de xestionar o presente procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Economía, Emprego e Industria, como responsable do ficheiro, solicitándoo mediante o envío dun correo electrónico a lop.d.industria@xunta.gal.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 18 de xullo de 2017 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas a incentivar o emprego autónomo e a contratación de persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil, a través do Programa I (emprego autónomo), Programa II (fomento da contratación por conta allea) e Programa III (programas de cooperación coas entidades sen ánimo de lucro), convocatoria do ano 2017.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

de de

galicia

Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria de



Fondo Social Europeo
Iniciativa de Emprego Xuvenil
O FSE inviste no teu futuro



**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO I-A

PROCEDEMENTO PROGRAMA II: PROCEDEMENTO DE INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN INDEFINIDA INICIAL DE PERSOAS MOZAS INSCRITAS NON SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO TR349I	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE							
NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF	
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA			NÚMERO	BLOQUE	ANDAR	PORTA
PARROQUIA				LUGAR			
CP	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDAD			
TELÉFONO	FAX	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO				
ACTIVIDADE ECONÓMICA (descrición)				CNAE	DATA INICIO ACTIVIDADE		
Nº CONTRATACIÓNS POLAS QUE SOLICITA SUBVENCIÓN		Nº INSCRICIÓN NA S.S.		Nº PERSOAS TRABALLADORAS DA EMPRESA (1)			
(1) Nº de persoas traballadoras da empresa no ámbito territorial de Galicia							

E NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)							
NOME		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF	

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN	
Notifíquese a: ☐ Persoa solicitante ☐ Persoa representante	
Todas as notificacións ás persoas interesadas realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia Notifica.gal (https://notifica.xunta.gal).	
Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada.	
Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir:	
TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO

DATOS BANCARIOS	
Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.	
TITULAR DA CONTA	NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)
	IBAN

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA						
a) Que, para a mesma actividade ou proxecto esta entidade solicitou e/ou obtivo as axudas que se relacionan a seguir:						
AXUDA		ANO	ORGANISMO	IMPORTE (€)	TIPO DE AXUDA	DISPOSICIÓN REGULADORA
Solicitada	Concedida					
☐	☐					
☐	☐					
☐	☐					
☐	☐					
☐	☐					
☐	☐					





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO I-A
(continuación)

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA (continuación)

b) Que esta entidade ten concedidas en réxime de minimis (Regulamento (CE) nº 1407/2013), neste ano e nos dous anos anteriores, as seguintes axudas:

ANO	ORGANISMO	IMPORTE (€)	TIPO DE AXUDA	DISPOSICIÓN REGULADORA

Así mesmo, a persoa solicitante comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña para a mesma actuación doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

- c) Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
- d) Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- e) Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- f) Que non incorre en ningunha das incompatibilidades sinaladas no artigo 35 así como en ningunha das causas de exclusión sinaladas no artigo 42 da orde de convocatoria, que non concorre ningunha das circunstancias previstas no número 2 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e que se reúnen as condicións para ser beneficiaria de acordo co establecido no artigo 28 da orde de convocatoria.
- g) Que non foi excluída do acceso aos beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego, conforme o establecido no artigo 46.2 do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

- ☐ Declaración do cadro de persoal, neto e fixo, de todos os centros de traballo da empresa en Galicia no mes anterior ao mes de inicio da relación laboral da persoa traballadora contratada pola cal se solicita subvención (anexo II-A). Se é o caso, TA2 de baixa das persoas traballadoras indefinidas contratadas que causaron baixa polas causas previstas no artigo 40.4 da orde de convocatoria.
- ☐ Informe de vida laboral dun código conta de cotización correspondente ao mes anterior ao da contratación indefinida inicial, máis o correspondente ao mes en que se realiza a dita contratación.
- ☐ Relación nominal das persoas traballadoras polas que se solicita subvención, na cal se inclúan os custos salariais totais anuais de cada persoa traballadora pola que se solicita subvención (anexo III-A) e a nómina do mes de contratación.
- ☐ Documentación acreditativa do colectivo polo cal se opta (para os casos de exclusión social ou discapacidade recoñecida fóra de Galicia).
- ☐ Declaración responsable da composición da unidade familiar (anexo IV-A).
- ☐ Certificado de empadramento conxunto da unidade familiar, se é o caso.
- ☐ Copia do libro de familia, se é o caso.
- ☐ Comprobación de datos da persoa traballadora contratada e dos membros da súa unidade familiar (anexo V-A).

	PRESENTADO	CÓD. PROC.	ANO
☐ No caso de actuar por medio de representante, poder suficiente da persoa representante e asinante da solicitude para actuar en nome da persoa solicitante.	☐		

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.

	OPÓÑOME Á CONSULTA
☒ DNI ou NIE da persoa solicitante.	☐
☒ DNI ou NIE da persoa representante.	☐
☒ Certificación de estar ao día nas súas obrigas coa Seguridade Social.	☐
☒ Certificación de estar ao día coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.	☐
☒ Certificación de estar ao día nas súas obrigas coa Axencia Estatal de Administración Tributaria.	☐



**XUNTA DE GALICIA**
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIAANEXO I-A
(continuación)

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais que facilite neste formulario quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Xunta de Galicia co obxecto de xestionar o presente procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Economía, Emprego e Industria, como responsable do ficheiro, solicitándoo mediante o envío dun correo electrónico a lopdi.industria@xunta.gal

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 18 de xullo de 2017 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas a incentivar o emprego autónomo e a contratación de persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil, a través do Programa I (emprego autónomo), Programa II (fomento da contratación por conta allea) e Programa III (programas de cooperación coas entidades sen ánimo de lucro), convocatoria do ano 2017.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria de UNIÓN EUROPEA
"Unha maneira de facer Europa"
"O FSE inviste no teu futuro"

CVE-DOG: gvijdk12-dfr3-7ph2-u114-oblvuqzmngh1

**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO I-B

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
PROGRAMA II: PROCEDEMENTO DE INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN TEMPORAL DE PERSOAS MOZAS INSCRITAS NO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL E Á SÚA TRANSFORMACIÓN EN CONTRATO INDEFINIDO	TR349L	SOLICITUDE

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE							
NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF	
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA			NÚMERO	BLOQUE	ANDAR	PORTA
PARROQUIA				LUGAR			
CP	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDAD			
TELÉFONO	FAX	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO				
ACTIVIDADE ECONÓMICA (descrición)				CNAE	DATA INICIO ACTIVIDADE		
Nº CONTRATACIÓNS POLAS QUE SOLICITA SUBVENCIÓN		Nº INSCRICIÓN NA S.S.		Nº PERSOAS TRABALLADORAS DA EMPRESA ⁽¹⁾			
(1) Nº de persoas traballadoras da empresa no ámbito territorial de Galicia							

E NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)							
NOME		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF	

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN	
Notifíquese a:	☐ Persoa solicitante ☐ Persoa representante
Todas as notificacións ás persoas interesadas realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia Notifica.gal (https://notifica.xunta.gal).	
Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada.	
Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir:	
TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO

DATOS BANCARIOS	
Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.	
TITULAR DA CONTA	NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)
	IBAN

TIPO DE INCENTIVOS	
☐ INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN TEMPORAL	
☐ INCENTIVOS Á TRANSFORMACIÓN DE CONTRATOS TEMPORAIS EN INDEFINIDOS	

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA						
a) Que, para a mesma actividade ou proxecto esta entidade solicitou e/ou obtivo as axudas que se relacionan a seguir:						
AXUDA		ANO	ORGANISMO	IMPORTE (€)	TIPO DE AXUDA	DISPOSICIÓN REGULADORA
Solicitada	Concedida					
☐	☐					
☐	☐					
☐	☐					
☐	☐					
☐	☐					
☐	☐					





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO I-B
(continuación)

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA (continuación)

b) Que esta entidade ten concedidas en réxime *de minimis* (Regulamento (CE) nº 1407/2013), neste ano e nos dous anos anteriores, as seguintes axudas:

ANO	ORGANISMO	IMPORTE (€)	TIPO DE AXUDA	DISPOSICIÓN REGULADORA

Así mesmo, a persoa solicitante comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña para a mesma actuación doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

- c) Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
- d) Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- e) Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- f) Que non incorre en ningunha das incompatibilidades sinaladas no artigo 35 así como en ningunha das causas de exclusión sinaladas no artigo 42 da orde de convocatoria, que non concorre ningunha das circunstancias previstas no número 2 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e que se reúnen as condicións para ser beneficiaria de acordo co establecido no artigo 28 da orde de convocatoria.
- g) Que non foi excluído/a do acceso aos beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego, conforme o establecido no artigo 46.2 do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

- ☐ Declaración do cadro de persoal, neto e fixo, de todos os centros de traballo da empresa en Galicia no mes anterior ao mes de inicio da relación laboral da persoa traballadora contratada pola cal se solicita subvención (anexo II-B). Se é o caso, TA2 de baixa das persoas traballadoras indefinidas contratadas que causaron baixa polas causas previstas no artigo 40.4 da orde de convocatoria.
- ☐ Informe de vida laboral dun código conta de cotización correspondente ao mes anterior ao da contratación indefinida inicial, máis o correspondente ao mes en que se realiza a dita contratación.
- ☐ Relación nominal das persoas traballadoras polas que se solicita subvención, na cal se inclúan os custos salariais totais anuais de cada persoa traballadora pola que se solicita subvención (anexo III-B) e a nómina do mes de contratación.
- ☐ Documentación acreditativa do colectivo polo cal se opta (para os casos de exclusión social ou discapacidade recoñecida fóra de Galicia).
- ☐ Declaración responsable da composición da unidade familiar (anexo IV-B).
- ☐ Certificado de empadramento conxunto da unidade familiar, se é o caso.
- ☐ Copia do libro de familia, se é o caso.
- ☐ Comprobación de datos da persoa traballadora contratada e dos membros da súa unidade familiar (anexo V-B).
- ☐ No caso de contrato para a formación e aprendizaxe, acordo formativo autorizado pola Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral.

	PRESENTADO	CÓD. PROC.	ANO
